

BAIXA FIDELIDADE

Actividade didáctica sobre a exposición **ISTO NON É UNHA BROMA**, dirixida a grupos escolares de **SECUNDARIA**

As accións absurdas de **JOÃO TABARRA** poñen de manifesto a esaxerada teatralidade coa que os medios audiovisuais escenifican a realidade. Varios dos seus traballos en vídeo proporcionannos a base para o obradoiro que realizarán estes alumnos. En especial o titulado *Please don't go*, que reflexiona acerca da construción da imaxe-realidade e os códigos sonoros cos que tentamos reforzala: mentres que o son ambiente está gravado en directo, os efectos son independentes e adheridos a posteriori.

A actividade consistirá na sonorización dunha curtametraxe con técnicas semellantes ás dos antigos «ruideiros», que sonorizaban seriais radiofónicos e películas. Os alumnos disporán dun grande número de obxectos e aparellos sonoros electrónicos, así como de fichas coa animación descomposta en planos cronometrados, para que poidan planificar os efectos e escoller os instrumentos destinados a producilos.

Os *Doo Rags* de Olaf Ladousse, e sobre todo os xoguetes disfuncionais de **ARTURO FUENTES**, tamén expostos no **MACUF**, serán outra fonte de inspiración artesanal e *low-tech* para unha actividade na que se ironiza sobre a tecnoloxía e se potencia o poder creativo da interacción social.

A sincronización (dos alumnos coas imaxes e dos alumnos entre si), a concepción sonora do ambiente e a imaxinación para asociar ruídos e obxectos a imaxes de ficción, serán algunhas das habilidades a desenvolver no obradoiro.

MACUF

MUSEO DE ARTE CONTEMPORANEO UNION FENOSA

PARA GRUPOS ESCOLARES DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO, CUN MÁXIMO DE 40 ALUMNOS POR TURNO

TODOS OS DÍAS LABORABLES ENTRE O 24 DE SETEMBRO E O 9 DE NOVEMBRO DE 2007. HORARIO A CONVIR EN CADA CASO

ACTIVIDADE GRATUÍTA, INCLUÍNDO TODOS OS MATERIAIS E FERRAMENTAS QUE SE PRECISEN. TRANSPORTE POR CONTA DO CENTRO ESCOLAR

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN: PREGUNTEN POR JORGE NÚÑEZ NO TELÉFONO 981 178786 (LUNS A VENRES DE 10 A 14) OU ENVÍEN UN CORREO ELECTRÓNICO AO ENDEREZO jnunez.autonomo@unionfenosa.es

